




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Rías Baixas. Sector: Ría de Arousa. Municipio: Rianxo. Parroquias: Santa María de Isorna.
Extensión: 1,24km².

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Unidade formada pola vertente oriental dos montes das Cercas, Coto Agudo e Palleiro, de pendente moderada e relevo ondulado característico do modelado granítico. O contacto coa ribeira do Ulla prodúcese mediante tramos de cantís baixos e microacantilados rochosos (sobre todo nas vertentes este e sur do Monte Palleiro no extremo meridional da unidade) e estreitas chairas que alcanzan a súa maior maior prolongación ao redor da Punta das Tres Cruces. A intensa dinámica fluvio-mariña deu lugar a unha chaira intermareal costeira con depósitos sedimentarios finos, areoso-lamacentos e áreas de marisma, máis frecuentes ao norte de Punta Palleiro.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Toda a unidade inclúese no Dominio hercínico, en concreto nun granitoide migmatítico que presenta, nalgúns sectores, zonas graníticas orientadas. O Cuaternario está ben representado polos sedimentos de marisma e chaira lamacenta intermareal, entre os que se inclúen algúns depósitos areosos.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Costa de clima homoxéneo caracterizada por precipitacións acumuladas entre 1200mm e 1400mm anuais, temperatura media superior a 15°C e amplitude térmica media que varía entre 12,5°C e 13,5°C durante o ano. Réxime ombrotérmico Cálido e Húmido.

OS SOLOS

A franxa costeira presenta solos propios das chairas intermareais e áreas de marisma, derivados dos procesos de sedimentación fluvio-mariña, fundamentalmente fluvisóis aréicos, sálicos e tiónicos, sobre todo entre as puntas Palleiro e das Tres Cruces. A vertente continental, entre os montes Palleiro ao sur e das Cercas ao norte, está formada por cambisóis dístricos nos tramos de menor pendente e regosóis e leptosóis líficos naqueles máis erosionados onde tan só se desenvolven solos incipientes de pouco espesor.


AS AUGAS

A unidade atópase nunha zona de ladeiras de forte pendente, polo que a rede hidrográfica é esquelética. Algúns arrosos de curto percorrido verten directamente ás Augas de Transición de Arousa (20476) formando pequenas valgadas.

O PATRIMONIO NATURAL

De Punta das Tres Cruces cara ao leste liña costeira e augas fluvio-mariñas atópanse no LIC Sistema Fluvial Ulla-Deza. A pesar de estar en zona de estuario, a unidade repártese entre unha área típica estuarina e outra de cantís. Na primeira, que se alarga Dende a Punta das Tres Cruces cara ao leste, destacan as áreas cos hábitats 1110 e 1140, bancos areosos e/ou lamacentos intermareais e submareais someros, e as de marisma (grupo 13), non moi extensas, como a existencia na citada punta. Na parte de cantís, cara ao oeste de Trece Cruces, ademais do hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos, tamén aparecen os antes nomeados 1110 e 1140, aínda que con menor importancia. É nesta zona onde se poden ver extensións de matogueira costeira, que debería ser incluída no hábitat 4030, Breixeirais secas costeiras atlánticas de Erica vagans, ademais de pendentes rochosas con vexetación casmofítica (grupo 82) nos afloramentos graníticos. Non aparece arboredo autóctono de interese.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Uso eminentemente forestal e masas de vexetación costeira en case toda a unidade, gran parte destas superficies víronse gravemente afectadas pola vaga de incendios do ano 2.006. Algunhas vivendas dispersas na zona norte na marxe do río Ulla asociadas a cultivos agrícolas de escasa entidade.

MORFOLOXÍA

A existencia de vivendas de tipoloxía unifamiliar está vinculada aos núcleos tradicionais máis próximos como o de Quintáns. Pero as construcións que aquí aparecen responden ao carácter rururbano e desenvóléronse nas inmediacións da estrada comarcal C-3301. Por último sinalar tamén nesta zona a presenza de dúas naves vinculadas á actividade industrial, unha delas relacionada coa industria marítima.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Ademais do tramo da estrada C-3301 cabe destacar a presenza de camiños rurais e pistas de terra que conducen á ribeira do río Ulla e dan acceso ás parcelas de uso agrícola.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Non hai presenza de depósitos nin patrimonio cultural na unidade.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Unidade caracterizada por unha extensa masa forestal moi afectada polos incendios dos últimos anos. Diferénciase unha porción de terreo con vivendas unifamiliares próximas á estrada C-3301 e tamén naves vinculadas á industria.

DINÁMICA DA PAISAXE

A paisaxe desta unidade non se viu apenas alterada, a non ser pola recente onda de incendios que arrasou os montes da zona. Por outra banda, coa mellora e acondicionamento da estrada comarcal C-3301 poderíase prever a aparición de máis asentamentos ao redor da mesma.


RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

O río Ulla fúndese coa baixa cota das súas marxes orixinando unha paisaxe de singular beleza; unido a isto existe unha masa forestal que outorga a aparencia dunha paisaxe natural, pero en realidade bastante antropizada. Desde a punta de Patiño ou en cotas máis elevadas como o Monte de Palleiro ofrécese unha boa visión da contorna. Destacar a inclusión do río Ulla dentro da Rede de Espazos Naturais e a Rede Natura 2.000.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS






















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros





Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



